

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 23 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-551, treito A Moureira-Palmás, punto quilométrico 29+450-30+900, de clave PO/16/268.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.*

**Antecedentes:**

A Lei 8/2013, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia. Os obxectivos da dita estratexia son o desenvolvemento duns sistemas de transporte alternativos que reduzan ao mínimo as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados co fomento desta mobilidade alternativa son, entre outros, o emprego de modos de transporte non motorizados, a mellora da mobilidade, da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar, da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 2 de novembro de 2016 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Estratexia en materia de mobilidade alternativa na Comarca do Morrazo e concellos limítrofes, onde unha das sendas propostas era unha senda peonil na PO-551, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na PO-551, treito A Moureira-Palmás, p.q. 29+450- 30+900, de clave PO/16/268.06.

A actuación proxectada consiste na execución dunha senda mixta (peonil e ciclista) pola marxe dereita da estrada PO-551 entre os p.q. 29+450 e 30+900 no concello de Moaña, provincia de Pontevedra, completando un itinerario continuo mediante a conexión coa beirarrúa existente na marxe dereita a partir do punto final.

A sección desta será na súa maior parte de formigón coloreado, limitada exteriormente por un bordo de formigón que a diferencie do resto da plataforma e, naqueles casos onde o



espazo dispoñible sexa suficiente, disporase tamén dunha franxa vexetal axardinada entre a senda e a calzada.

O largo do itinerario así definido é variable, será como mínimo de 1,5 metros e o da zona axardinada, naquelas zonas onde se execute, será de 0,5 metros.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

#### RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (r/ Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra), e na casa do Concello de Moaña (As Barxas, 2, 36950 Moaña, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ([http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), encóntrase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





## ANEXO

## Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Itinerario peonil e ciclista na PO-551.

Treito A Moureira-Palmás, p.q. 29+450-30+900.

Clave: PO/16/268.06.

Concello de Moaña (Pontevedra).

| Nº | Referencia catastral | Titular                                     | Tipo    | Clase de cultivo      | Clasif. urbanis.  | Área afectada | Bens afectados  |
|----|----------------------|---|---------|-----------------------|---|---------------|---|
| 1  | 36029A06800061       | Verdealalves, M. Ángeles                    | Rústico |                       | Residencial de núcleo periférico  | 0,80          |   |
| 2  | 36029A06800073       | En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003  | Rústico | Mt-Matogueira         | Residencial de núcleo periférico  | 2,00          |   |
| 3  | 36029A06801005       | Comunidade de Montes de Meira               | Rústico | Mt-Matogueira         | Solo rústico de protección de infraestruturas con plan especial   | 31,00         | - 1 árbore de xardín<br>- 15 plantas varias<br>- 2 peche vexetal mirtos |
| 4  | 36029A06800062       | Alfa Europa Eco, S.L.                       | Rústico | Eu-Eucaliptus         | Solo rústico de protección forestal e protección de infraestruturas con plan especial/ Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 691,00        |   |
| 5  | 36029A06900143       | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio | Rústico | Eu-Eucaliptus         | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial  | 51,00         |   |
| 6  | 36029A06900142       | En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003  | Rústico | F-Froiteiras S-Secaño | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial  | 55,00         |   |
| 7  | 36029A06900121       | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio | Rústico | Eu- Eucaliptus        | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial  | 17,00         |   |
| 8  | 36029A06900116       | Veiga, Florinda                             | Rústico | Eu-Eucaliptus         | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial  | 6,00          |   |
| 9  | 36029A06900115       | Solla Veiga, Carlos Fernando                | Rústico | Eu-Eucaliptus         | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial  | 6,00          |   |
| 10 | 36029A06900114       | Curro Alonso, Iberia                        | Rústico | Eu-Eucaliptus         | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial  | 6,00          |   |
| 11 | 36029A06900112       | Comunidade de Montes en Man Común de Domaio | Rústico | Eu-Eucaliptus         | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial  | 13,00         |   |





| Nº | Referencia catastral | Titular                                    | Tipo    | Clase de cultivo          | Clasif. urbanis.   | Área afectada | Bens afectados   |
|----|----------------------|--|---------|---------------------------|--|---------------|--|
| 12 | 36029A06900110       | Ferradás Pastoriza, José                   | Rústico | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 20,00         |  |
| 13 | 36029A06900107       | Fernández Solla, Eugenia                   | Rústico | V-Viña Secaño             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 99,00         |  |
| 14 | 36029A06900092       | González Moreira, María                    | Rústico | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 9,00          |  |
| 15 | 36029A06900093       | Curro Palmas, María                        | Rústico | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 10,00         |  |
| 16 | 36029A06900094       | Calvar Pintos, Francisco José              | Rústico | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 15,00         |  |
| 17 | 36029A06900090       | Rocha Solla, Luisa                         | Rústico | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 13,00         |  |
| 18 | 36029A06900089       | Herdeiros de García Riobo, José            | Rústico | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 85,00         |  |
| 19 | 36029A06900083       | En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003 | Rústico | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 4,00          |  |
| 20 | 36029A06900082       | Rodríguez Martínez, Otilia                 | Rústico | C-Labor O Labradío Secaño | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial | 8,00          | - 1,50 Traslado pórtico de pedra granito<br>- 1,50 Traslado cancela metálica<br>- 10 plantas de xardín |
| 20 |                      |  |         | F-Froiteiras Secaño       | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial |               |  |
| 20 |                      |  |         | I-Improdutivo             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial |               |  |
| 20 |                      |  |         | Mt-Matogueira             | Solo rústico de protección de costas e protección de infraestruturas con plan especial |               |  |